

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 20 DE XANEIRO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Mugardos da estrada AC-132, de titularidade autonómica, incluído o treito antigo, xunto co seu dominio público viario.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE POLITICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, para establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados e á conta aos recollidos no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e para eximir da obriga de constituír garantías de acordo co dito decreto, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior e a continuidade das que están en funcionamento, para os anos 2022 e 2023, e se procede á súa convocatoria (códigos de procedemento BS212A e BS212B). Importe total: dous millóns

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

oitocentos noventa e dous mil novecentos noventa e nove euros con vinte céntimos (2.892.999,20 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector, para o desenvolvemento do programa de transito á vida adulta, autonomía e emancipación para persoas mozas en situación de vulnerabilidade en zonas non urbanas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia -financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Importe total: un millón douscentos mil euros (1.200.000 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a nova edición dos espazos de cotraballo (*coworking*) para fomentar o emprendemento no rural galego.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre o estado do desenvolvemento da ampliación de San Paio de Navia (Vigo).
- Informe das axudas para a adquisición de vivendas protexidas e vivendas en centros históricos para o ano 2022.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe balance sobre a estratexia de eliminación de treitos de concentración de accidentes en estradas autonómicas.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre as liñas básicas do Plan de inspección de servizos sociais de Galicia para o ano 2022 e sobre o cumprimento dos obxectivos fixados para o ano 2021.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á elaboración de instrumentos de ordenación ou xestión forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MR462B).

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución das axudas aprobadas pola Consellería do Mar para compensar as perdas de produción derivadas da Covid-19 nas empresas acuícolas e nas de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura.
- Informe sobre planificación, tramitación e execución das obras de dragaxe de Portos de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE MUGARDOS DA ESTRADA AC-132, QUE COMUNICA A GALLADA E O SEIXO

- A estrada, de 2,19 km, está categorizada como local no Catálogo da Rede Autonómica de Estradas de Galicia, pois discorre na súa totalidade polo termo municipal
- Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar nesta vía e asume a súa conservación e mantemento
- O Concello solicitou o cambio de titularidade da estrada autonómica como paso previo para modificar o ancho das beirarrúas e dotar de accesibilidade o tránsito dos peóns
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Mugardos da estrada que comunica A Gallada e O Seixo, na AC-132.

O Concello de Mugardos solicitou á Axencia Galega de Infraestruturas o cambio de titularidade da estrada autonómica AC-132 na súa totalidade como paso previo para modificar o ancho das beirarrúas e dotar de accesibilidade o tránsito dos peóns.

A estrada AC-132 é unha vía convencional, cunha lonxitude de 2,19 km, que está categorizada funcionalmente como local polo Catálogo da Raega (Rede Autonómica de Estradas de Galicia).

A vía discorre na súa totalidade polo concello de Mugardos e atravesa solos clasificados como urbanos polo instrumento de planeamento urbanístico vixente.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade da estrada AC-132 na súa totalidade.

A transferencia a prol do Concello de Mugardos tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta de Galicia por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano da estrada que se transfire:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCOU MÁIS DE 13.000 PRAZAS NOS ÚLTIMOS ANOS NAS OPOSICIÓN DE EDUCACIÓN, NO ANO 2022 REALIZARANSE A PARTIR DO 18 DE XUÑO

- Isto supuxo renovar un terzo do cadro de persoal total do profesorado galego
- O Consello do Goberno galego aproba unha nova oferta, que se acumula á do 2021, ata sumar un total de 2.628 prazas
- A convocatoria publicarase a vindeira semana no DOG e as probas de ambas as ofertas serán xuntas no verán
- Galicia é a primeira comunidade autónoma en pechar e aclarar o sistema de oposicións para o ano 2022 e dálle seguridade xurídica ao proceso
- A maiores, no último trimestre, terá lugar un concurso de méritos para interinos que se adaptará ao novo real decreto que publique o Goberno central

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá a oferta de emprego público docente para o ano 2022, coa cal se elevan as prazas convocadas polo Goberno galego nos últimos anos a máis de 13.000, o que supuxo a renovación dun terzo do cadro de persoal total do profesorado galego. Esta oferta acumularase coa de 2021, ata sumar un total de 2.628 prazas.

As probas de ambas as ofertas, que se condensarán nunha única convocatoria, serán a partir do 18 de xuño, seguindo o procedemento habitual. A maiores, convocarase un concurso de méritos para interinos que se adaptará ao novo real decreto que publique o Goberno central ao longo do ano.

O Ministerio de Educación anunciou o pasado Nadal a súa intención de facer cambios, de xeito transitorio e ata 2024, no sistema de oposicións, para favorecer que os interinos acaden a praza e que se reduza ao 8 % a temporalidade no ensino, unha cifra que Galicia xa rexistra.

Ante esta decisión, e co obxectivo de dar certezas ás persoas opositoras, a Xunta de Galicia decidiu adiantar a aprobación da oferta de 2022 e a convocatoria de prazas, de tal forma que os candidatos poidan presentarse a uns exames estruturados tal e como os están a preparar. Así mesmo, blíndase a seguridade xurídica do proceso.

Deste xeito, Galicia convértese na primeira comunidade autónoma en pechar e aclarar o sistema de oposicións para este ano, xerándolles tranquilidade ás persoas opositoras. É, ademais, a comunidade con menor temporalidade no emprego docente, un 8 %, fronte

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ao 25 % de media de España. O Goberno galego ten como obxectivo baixar ata o 6,5 % a taxa de interinidade logo da realización desta convocatoria conxunta.

Case o 90 % de novo ingreso

Do total de 2.628 prazas aprobadas, máis do 87 % serán de novo ingreso, en concreto, 2.299. Delas, 950 serán para o corpo de mestres, 1.269 para o de profesores de ensino secundario (inclúen 98 de especialidades do extinguido corpo de profesores técnicos de FP), 45 para o de docentes de escolas oficiais de idiomas, 8 para o de artes plásticas. Así mesmo, inclúense 27 prazas para o subgrupo A2 que teña as competencias para impartir módulos profesionais da formación profesional (profesores técnicos de FP). Xunto coas devanditas 98 e outras 19 de promoción interna executaranse unha vez o Ministerio de Educación concrete na nova Lei de formación profesional tanto as especialidades que pasarán ao corpo de profesores de ensino secundario como o desenvolvemento do novo corpo de especialistas de sectores singulares da FP.

No referido á promoción interna, serán un total de 329 prazas, 10 delas para o acceso ao corpo de inspectores de educación, 317 para o de profesores de ensino secundario (19 en especialidades procedentes do extinguido corpo de profesores técnicos de FP) e 2 para o de docentes de artes plásticas e deseño.

Como é normativo, reservárase unha cota do 7 % do conxunto para seren cubertas por persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

61 especialidades

Tras a súa negociación coas organizacións sindicais na mesa sectorial, convocaranse prazas en 61 especialidades. Unha vez aprobada esta oferta no Consello da Xunta, procederase á súa publicación nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia*. A previsión é publicar a convocatoria das ofertas de 2021 e 2022 a vindeira semana.

Exceptuaranse as 144 prazas en total correspondentes á parte do extinguido corpo de profesores técnicos de FP, un corpo que desapareceu na nova lei educativa estatal e que deberá agardar á concreción que resulte da publicación da lei de FP.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTARÁ EN 5.000 EUROS A AXUDA ÁS CASAS DO MAIOR MÁIS LONXEVAS E PORÁ EN MARCHA UNHA NOVA CONVOCATORIA PARA CREAR 30 NOVOS CENTROS

- Destinaranse 2,9 millóns de euros, dos que 1,7 son para a posta en marcha de novas casas e 1,2 para a continuidade dos 18 primeiros centros, aos cales se sobe un 25 % a subvención
- Mantéñense as novidades que amplían o perfil do usuario, que xa non deberá ter grao I ou II de dependencia, senón que tamén poderán ser persoas maiores autónomas
- As persoas promotoras poderán prestar servizos de desprazamento desde e cara a estes centros, para o que a Xunta ofrece axudas de 5 € por persoa e día

O Consello da Xunta de Galicia acordou incrementar en 5.000 euros a axuda das casas do maior que máis tempo levan en funcionamento e ampliar a extensión da rede destes centros neste ano 2022. Este proxecto piloto tivo uns resultados moi satisfactorios, o que levou ao Goberno galego a continuar impulsando estes recursos de conciliación no rural.

Deste xeito, o Goberno galego habilita 2,9 millóns de euros: 1,2 para o aumento da subvención dos centros postos en marcha ao abeiro da primeira convocatoria desta medida —no 2018— e outros 1,7 para impulsar a creación de 30 novas casas, isto é, 150 novas prazas de atención diúrna para persoas maiores no rural.

Así mesmo, manteranse as novidades marcadas na anterior convocatoria. Deste xeito, elimínase o requisito de que os concellos deben ter menos de 5.000 habitantes para estender o servizo a todos aqueles que non teñan no seu termo municipal un centro de día ou similar, aínda que seguirán primando os municipios pequenos. A segunda novidade é que se amplía o perfil de persoas que poden acudir. Xa non será necesario ter un grao I ou II de dependencia, senón que tamén poderán beneficiarse persoas maiores autónomas.

En terceiro lugar, increméntase o servizo que poden prestar as promotoras destes centros para que poidan tamén asumir os desprazamentos das persoas maiores usuarias desde e cara estas instalacións. Nestes casos, a Xunta ofrécelles ao responsables das casas do maior unha axuda de 5 euros por persoa e día.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Axuda para a adecuación e o mantemento

Dentro dos 1,7 millóns de euros para a posta en marcha de novos centros, o Goberno galego ofrece 450.000 euros para a adecuación das casas, cun límite de 15.000 euros por centro; e máis de 1,2 millóns de euros para o seu funcionamento diario, con 19.600 euros anuais por cada casa do maior.

Ademais, para facilitar a xestión, a convocatoria prevé anticipos das axudas. No caso da partida de adecuación, anticipase ata o 80 %; e no dos fondos para o seu funcionamento diario, poderá adiantarse ata o 100 % durante o primeiro ano e ata o 75 % durante os dous seguintes.

Estes centros atenden de forma totalmente gratuíta un máximo de 5 persoas maiores de 60 anos durante ata 8 horas diarias, de luns a venres, con flexibilidade horaria e garantías de seguridade e calidade, posto que os seus responsables teñen formación ou experiencia profesional específica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVERÁ A EMANCIPACIÓN NO RURAL DUN CENTENAR DE MOZOS E MOZAS DO SISTEMA DE PROTECCIÓN DE MENORES A TRAVÉS DUN PROGRAMA PIONEIRO

- Porá en marcha unha iniciativa que facilite o tránsito á vida adulta destes rapaces en concellos rurais das provincias de Ourense e Lugo
- Investirase un millón de euros para que poidan instalarse nestes lugares, formarse e dar os seus primeiros pasos no mundo laboral

O Consello da Xunta de Galicia acaba de aprobar un programa pioneiro para promover a emancipación no rural dun centenar de mozos e mozas do sistema de protección de menores. Esta nova iniciativa facilitará o tránsito á vida adulta destes rapaces en concellos das provincias de Ourense e Lugo, para o cal o Goberno galego investirá un millón de euros.

Este programa ten dous obxectivos, por un lado procurar o mellor escenario para que as mozas e mozos do sistema de protección poidan desenvolverse persoal e profesionalmente e, por outro, contribuír á revitalización demográfica desta zona de Galicia. En definitiva, trátase de que poidan instalarse en territorios rurais, formarse e dar os seus primeiros pasos no mundo laboral.

Os técnicos desta iniciativa pioneira axudarán os rapaces no proceso de alugamento dunha vivenda e farán un seguimento constante dos primeiros compases da súa emancipación. Para pór en marcha estas medidas, a Xunta de Galicia contará coa colaboración de Igaxes, entidade sen ánimo de lucro cunha ampla experiencia acumulada apoiando a autonomía dos menores.

A medida de axuda no tránsito á vida adulta en zonas rurais aproveita a experiencia acumulada no programa Mentor e amplía os seus obxectivos. Mentor leva dúas décadas promovendo a inserción laboral de mozas e mozos maiores de 16 anos tutelados pola Xunta en áreas urbanas. No 2021 traballou con máis de 630 rapazas e rapaces.

Avance nas medidas de protección á infancia

En Galicia hai máis de 2.500 rapaces no sistema de protección que viven en centros ou en familias de acollida, figura que na nosa Comunidade é prioritaria. Con estes menores, o Goberno galego desenvolve accións de diferente índole para mellorar a súa situación, como o programa socieducativo en que participan uns 500 rapaces, ou o novo programa Espazos de preservación familiar para actuar nos fogares desestruturados antes de que rompan, que foi aprobado a semana pasada polo Consello da Xunta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA 11 NOVOS ESPAZOS DE COTRABALLO (COWORKING) PARA DARLLES CONTINUIDADE, XA QUE AXUDARON A IMPULSAR MÁIS DE 700 PROXECTOS EMPRENDEDORES ATA O DE AGORA

- A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do Igape, renova o convenio coa Escola de Organización Industrial (EOI) para promover unha nova edición deste programa que permite acelerar a xeración de empresas e crear emprego, especialmente entre os máis mozos, no ámbito rural galego
- Súmanse catro novas localizacións, das que tres se atopan na provincia de Ourense -nas comarcas do Carballiño e Valdeorras e na Tecnópole- e outra no Deza (Pontevedra), e mantéñense sete espazos: tres en Lugo (na Ribeira Sacra, A Mariña e Palas de Rei), outro máis en Pontevedra (O Salnés) e tres na Coruña (Ferrolterra, Santiago de Compostela e A Costa da Morte)
- A presente edición, que disporá dun orzamento de máis dun millón de euros, prevé chegar a 220 emprendedores ata finais de 2022

A Xunta de Galicia activará neste primeiro trimestre do ano 11 novos espazos compartidos de traballo (coworking) nas catro provincias. Trátase de lugares de traballo destinados a emprendedores e que recollen no seu conxunto distintas actividades e asesoramento; están deseñados para aumentar as probabilidades de éxito de proxectos innovadores en fases temperás de desenvolvemento, o que permitiu ata o de agora impulsar máis de 700 proxectos emprendedores no rural galego.

Para o seu desenvolvemento, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación renova, a través do Igape, o convenio coa Escola de Organización Industrial (EOI), impulsando así estes novos talleres que facilitarán, ata finais de 2022, a participación de 220 iniciativas empresarias nestes espazos de cotraballo, grazas a un investimento conxunto que supera o millón de euros.

Estes 11 lugares de traballo, destinados a emprendedores e que recollen no seu conxunto distintas actividades e asesoramento, están deseñados para aumentar as posibilidades de éxito de proxectos innovadores en fases temperás de desenvolvemento.

Así, e máis alá do propio espazo, os lugares de cotraballo (*coworking*) ofrécenlles aos participantes un mentor individual para o seu proxecto, que os acompañará no deseño de modelo de negocio, na formación específica, mediante obradoiros prácticos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

centrados en temas de interese, e distintos eventos, como xornadas de redes empresariais (*networking*) ou encontros con actores sociais e económicos relevantes.

Os novos espazos configuran así un lugar de traballo colaborativo posto á disposición dos concellos e favorecen o impulso de zonas rurais ao achegaren un programa de alto valor engadido a estas contornas.

Neste marco, durante o presente exercicio súmanse catro novas localizacións, das que tres se atopan na provincia de Ourense -nas comarcas do Carballiño e Valdeorras (con sede na Rúa) e no Parque Tecnolóxico de Galicia, Tecnópole- e outra na comarca do Deza (Pontevedra), con sede en Lalín. Así mesmo, mantéñense sete espazos: tres en Lugo (na Ribeira Sacra, con sede en Monforte de Lemos, e na Mariña, con sede en Mondoñedo e en Palas de Rei, centrado no Camiño de Santiago); outro máis en Pontevedra, na comarca do Salnés, con sede en Vilanova de Arousa; e tres na Coruña, en Ferrolterra, Santiago de Compostela e na Costa da Morte, con sede en Cabana de Bergantiños.

Estes espazos empregaranse varias veces por semana, para as sesións de formación e para as titorías co mentor, e terán así flexibilidade suficiente para adaptarse ás posibilidades que poida ofrecer o concello. Cada edición de *coworking* terá unha duración aproximada de entre 5 e 6 meses.

Esta iniciativa enmárcase dentro da rede de aceleradoras que apoia o Goberno galego e da que forman parten programas como Agrobiotech, ViaGalicia, Galicia Open Future, *Connecting For Good Galicia* ou as *business factories*, vinculadas á industria da automoción (BFAuto), o sector agroalimentario (BFFood), o aeroespacial (BFAero) ou de novos fármacos (BFMedicines).

Configúrase deste xeito unha decidida aposta polo emprendemento na cal cabe destacar, tamén, outros programas e liñas de actuación, como o Galicia Emprende, que no período 2017-2021 ten facilitado a activación de 365 proxectos emprendedores, con máis de 25 millóns en axudas e mobilizando outros 54 millóns; ou o Galicia Rural Emprende, que impulsou 180 proxectos empresariais de emprendedores e autónomos na súas tres primeiras edicións e concedeu axudas por importe de 11 millóns.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITARÁ EN FEBREIRO POR 11 M€ AS OBRAS DE URBANIZACIÓN DOS 100.000 M² DO PRIMEIRO POLÍGONO DE SAN PAIO DE NAVIA EN VIGO

- O Goberno galego non agardará pola aprobación do proxecto por parte do Concello, tendo en conta que atendeu todos os requirimentos exixidos, co fin de avanzar no desenvolvemento deste primeiro ámbito con 733 vivendas previstas
- Nesta fase, a Xunta promoverá 207 inmobles de promoción pública, dos cales ten previsto licitar proximamente a redacción dos proxectos dos primeiros 79
- O IGVS xa completou o proceso de adquisición dos 266.820 m² de solo residencial, grazas a un investimento de 24 millóns de euros

A Xunta de Galicia licitará no vindeiro mes de febreiro, por un orzamento de 11 millóns de euros, as obras de urbanización do primeiro dos tres polígonos en que se divide a ampliación de San Paio de Navia en Vigo. Deste xeito darase forma a 100.000 m² de solo nos cales se construírán 733 vivendas das 1.600 que se proxectan nesta nova bolsa residencial da cidade olívica.

O Consello accedeu ao contido dun informe sobre o estado de desenvolvemento de San Paio de Navia, no cal o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) indica que licitará as obras de urbanización do coñecido como polígono 1 sen agardar pola aprobación do proxecto por parte do Concello. Así, unha vez rematada a adquisición de solo para a ampliación e redactados os tres proxectos de urbanización, a Xunta decide dar este paso na urbe con maior demanda de vivenda.

Cómpre lembrar que o proxecto do polígono 1 foi remitido ao Concello no mes de abril de 2021 e na actualidade atendéronse todos os requirimentos exixidos. En relación cos polígonos 2 e 3, foron enviados para a aprobación municipal en maio ao Concello.

A superficie total da ampliación de San Paio de Navia é de 266.820,12 m² e á súa urbanización destinaranse preto de 26 millóns de euros.

Outra consecuencia da falta de colaboración por parte da Administración local é que ata que non aprobe o proxecto de urbanización, a Xunta non poderá convocar o concurso para a adxudicación das 98 parcelas dispoñibles no polígono 1, nas cales prevé a construción de 331 vivendas.

Na adxudicación do concurso terán preferencia os proxectos de construción de inmobles para alugamento social e, precisamente, as cooperativas e promotores poderán optar ás

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

axudas dos fondos europeos, de ata un máximo de 50.000 euros por vivenda, que habilitará proximamente o Goberno galego.

Nesta primeira fase, ademais destes inmobles, a Xunta promoverá 207 de promoción pública. De feito, e tamén para ganar tempo, está previsto licitar proximamente a redacción dos proxectos de construción das primeiras 79 VPP.

Por último, ata sumar as citadas 733 vivendas do polígono 1, 195 corresponderanse ás permutas de solo por edificabilidade.

Adquisición dos terreos

Cómpre lembrar que en 2016 a Xunta era propietaria de 82.838 m², unha superficie que se ampliou ata os 266.820,12 m² actuais grazas a un investimento de 24 millóns de euros.

Para conseguir esta superficie, o IGVS realizou dúas ofertas públicas para a adquisición de terreo —en 2016 e 2018—, coas cales conseguiu 93.099 m² e polas que aboou 13,2 millóns, e iniciou tres proxectos de expropiación —un por cada polígono—, que se acaba de pechar coa adquisición de 77.286 m² por un importe de 10,6 millóns.

Entre os 26 millóns de euros da urbanización, os 24 millóns de adquisición de solo e os 200 millóns estimados na construción das 1.600 vivendas, o investimento público e privado previsto na ampliación de San Paio de Navia rolda os 250 millóns de euros, aos cales haberá que sumar o investimento nas parcelas comerciais e de equipamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2,5 M€ A AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA E EN CENTROS HISTÓRICOS

- O Goberno galego multiplica por cinco a dotación da liña dirixida á compra de inmobles protexidos, no cal o importe pode chegar a 20.000 euros por persoa
- Por cuarto exercicio consecutivo, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda tamén porá á disposición a liña para adquisición en zonas históricas, que prevé ata 15.000 euros por vivenda
- Ademais, prevese a convocatoria, cun orzamento de arredor de 1 millón de euros, das axudas de compra en concellos rurais para menores de 35 anos

A Xunta de Galicia destina 2,5 millóns de euros para facilitar que os galegos adquiren unha vivenda protexida ou que se atope nun centro histórico, a través de dúas liñas de axuda que abrirán proximamente o prazo de solicitude e que nas anteriores convocatorias acadaron moi bos resultados.

O Consello foi informado na súa reunión semanal sobre estas dúas ordes para a compra de inmobles, recollidas no Pacto social pola vivenda de Galicia 2021-2025.

No caso concreto da liña para a adquisición de vivenda protexida, a dotación deste ano será de 2 millóns de euros, co que o Goberno galego multiplica por cinco o orzamento da anterior convocatoria.

Así, as persoas que desexen adquirir un destes inmobles disporán dunha axuda equivalente ao 20 % do custo do inmovible, cun límite de 20.000 euros no caso de solicitantes menores de 35 anos e que compraran a súa vivenda nunha cidade. Para o resto, o importe máximo dependerá da área xeográfica en que estea localizada.

En relación cos requisitos de acceso, os beneficiarios deben ser adquirentes ou adjudicatarios, en primeira transmisión, dunha vivenda de protección autonómica, ou ben ter subscrito —con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2022— un contrato privado de compravenda visado polo IGVS ou, de ser o caso, unha escritura pública de compravenda que conteña as cláusulas obrigatorias derivadas da cualificación definitiva da vivenda.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo publicará mañá a resolución pola que se convocan as axudas, que se poderán solicitar desde o sábado ata o 30 de setembro.

Por outra banda, a Xunta tamén convocará a vindeira semana e ata o 30 de setembro as subvencións para a adquisición de vivendas xa construídas nos centros históricos, ás cales destina un orzamento de 500.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As axudas poderán chegar ata os 15.000 euros se estas vivendas se atopan nos concellos de Mondoñedo, A Coruña, Ribadavia, Tui e Ribadeo, por ter declarada unha área Rexurbe, mentres que nos municipios restantes será de 12.800 euros, no caso de que o solicitante sexa menor de 35 anos, e de 10.800 euros para o resto.

Ademais de que a vivenda se sitúe nun dos [medio cento de concellos galegos con centro histórico](#), para acceder ás axudas é necesario ser español ou ter residencia legal en España e ter subscrito con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2022 un contrato privado ou, se é o caso, unha escritura pública de adquisición dunha vivenda xa construída.

Así mesmo, neste 2022 tamén se prevé a convocatoria, cun orzamento de ao redor de 1 millón de euros, das axudas de compra en concellos rurais para menores de 35 anos.

Balance da convocatoria de 2021

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda decide manter estas liñas de incentivos tras os bos resultados da convocatoria do ano anterior, que se resolveron conxuntamente coa concesión de 217 axudas e co esgotamento do crédito previsto de preto de 2 millóns de euros.

A primeira convocatoria de axudas para a compra dunha vivenda protexida pechou coa concesión de 40 axudas repartidas entre os concellos da Coruña (20), Vigo (17), Pontevedra (2) e O Carballiño (1). En vista destes resultados, o Goberno galego decidiu multiplicar por cinco a dotación para chegar a máis familias.

De feito, a Xunta prevé que aqueles solicitantes que, cumprindo todos os requisitos fixados nas bases, non puideron acceder ás axudas de 2021 por falta de crédito, poidan beneficiarse delas con cargo á convocatoria deste ano.

No caso concreto das axudas para a adquisición de inmobles en centros históricos, concedéronse un total de 65 subvencións por un importe global de 600.000 euros. Así, facilitouse unha axuda a outras tantas familias en 21 concellos, onde destacan as 13 concedidas en Ferrol, as 7 na Coruña e en Vigo ou as 6 en Viveiro.

Por último, en canto aos incentivos para a compra en concellos rurais para menores de 35 anos, a Xunta concedeu 112 axudas en 70 concellos durante o ano 2021 e esgotou igualmente o crédito dispoñible para o programa: 880.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ESTRATEXIA DA XUNTA DE GALICIA PARA A ELIMINACIÓN DOS TREITOS DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES CONTRIBUÍU A REDUCIR EN CASE UN 60 % A SINISTRALIDADE NOS 'PUNTOS NEGROS' DA REDE VIARIA AUTONÓMICA

- O Goberno galego destinou xa 14 M€ a actuacións deseñadas para reforzar a seguridade viaria dos treitos máis conflictivos da rede viaria coa previsión de acadar un investimento total de case 17 M€
- Activáronse xa 28 das 35 actuacións previstas na estratexia, que supuxeron a reforma de 114 interseccións, incluídas 23 novas rotondas, e o acondicionamento de 135 pasos de peóns
- En 2021 rexistrouse un descenso do 58,75 % no número de accidentes con vítimas nos treitos de concentración de accidentes con respecto a 2016, cando se elaborou esta estratexia, o que proba a eficacia das medidas adoptadas
- Tamén diminuíu de xeito significativo a presenza de treitos de concentración de accidentes na rede autonómica, que agora é dun 0,84 % na lonxitude total da rede autonómica de estradas
- A Xunta traballa para completar a estratexia e prevé no novo Plan de seguridade viaria 2022-2025, periódica, a programación das accións para a redución anual dos accidentes e das vítimas

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe de balance de resultados da Estratexia de eliminación de treitos de concentración de accidentes nas estradas de titularidade autonómica que acredita que as medidas adoptadas contribuíron a reducir en case un 60 % a sinistralidade nos 'puntos negros' da rede viaria.

A Administración autonómica leva mobilizados xa 14 M€ no desenvolvemento desta estratexia e o investimento final de todas as actuacións, incluídas as que restan por licitar, calcúlase en 16,8 M€. O investimento mobilizado ata o agora acada xa o 111 % do estimado inicialmente para o desenvolvemento desta iniciativa de reforzo da seguridade viaria.

A estratexia materializouse a través de 35 actuacións, das cales 28 están executadas ou, cando menos, coas obras licitadas, é dicir, un 80 %.

As intervencións xa activadas, as xa executadas ou licitadas recollen a reforma de 114 interseccións viarias en estradas autonómicas, incluída a execución de 23 novas rotondas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


e o acondicionamento de 135 pasos de peóns para unha mellor accesibilidade e seguridade.

As actuacións máis complexas necesitaron da redacción de proxectos construtivos, o seu sometemento a procesos de información pública, a expropiación dos terreos, o recuamento das redes de servizos, como de electricidade ou telecomunicacións, e a licitación e execución das obras. Trátase, en todos os casos, de proxectos moi laboriosos que exixiron un importante esforzo de concertación e de explicación para que os usuarios comprendesen o beneficio das intervencións proxectadas, aínda que estas puidesen supor incomodidades, fundamentalmente, durante a execución dos traballos. Estes casos máis complexos foron 19: en 14 deles as obras están rematadas, en execución ou licitadas e 5 están tramitándose para a súa execución.

Eficacia da estratexia


O informe coñecido hoxe polo Consello da Xunta dá conta da eficacia da estratexia aprobada polo Executivo autonómico en outubro de 2017 para actuar nos 52 treitos de concentración de accidentes que foron identificados no ano 2016, no marco do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020.

O desenvolvemento desta estratexia permitiu desde 2016 que a lonxitude dos treitos de concentración de accidentes descendese significativamente, agora ocupa 46,6 km, que supoñen un 0,84 % do total da lonxitude da rede autonómica de estradas, fronte ao 1,61 % que supoñían no ano 2016.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto á incidencia das actuacións recollidas na Estratexia de diminución da accidentalidade, destaca no ano 2021 o descenso do 58,75 % do número de accidentes con vítimas nos TCA identificados no 2016, con respecto precisamente a ese mesmo exercicio.



Plan de seguridade viaria 2022-2025

A Xunta está a tramitar actualmente un novo Plan de seguridade viaria 2022-2025 que ten como obxectivo acadar a redución ao mínimo posible das vítimas en accidentes de tráfico nas estradas galegas. O novo Plan de seguridade viaria, baixo o principio de Visión Cero, busca aproximarse a un obxectivo final de cero vítimas de accidentes de tráfico.

Tendo en conta que os TCA se calculan como os treitos con sinistralidade significativamente máis alta no conxunto das estradas, á medida que se vai mellorando a seguridade viaria baixa tamén o limiar polo que un treito é considerado TCA. Polo que nos vindeiros anos xurdirán novos treitos catalogados como de concentración de accidentes segundo se vaia actuando neles, o que ten un beneficio importante ao identificar os puntos prioritarios de actuación en canto á mellora da seguridade viaria.

A Xunta manterá a estratexia para actuar nos treitos de concentración de accidentes das estradas autonómicas como unha das accións prioritarias no novo Plan de seguridade viaria 2022-2025, tendo en conta os resultados acadados coa aplicación desta medida no período de vixencia do anterior plan.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, o novo Plan de seguridade viaria prevé a análise do 100 % dos TCA que se identifiquen periodicamente e a programación das accións necesarias para acadar unha redución anual dos accidentes e das vítimas nestes treitos.

Antecedentes e formulación da estratexia

A principios do ano 2016, o Goberno da Xunta de Galicia aprobou o Plan de seguridade viaria 2016-2020, que propuxo como obxectivo estratéxico reducir nun 50 % as vítimas mortais con respecto ás rexistradas no ano 2011, de acordo coas directrices do Plan mundial para o decenio de acción para a seguridade viaria 2011-2020.

En outubro de 2017 o Pleno do Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha resolución que instaba a Xunta a impulsar actuacións para protexer os usuarios máis vulnerables das estradas e para mellorar a seguridade viaria en todos os treitos de concentración de accidentes das estradas autonómicas.

A Xunta estudou as causas dos accidentes en cada punto dos TCA, deseñou e programou as medidas máis eficaces para corrixir as problemáticas detectadas, tendo en conta que os treitos de concentración de accidentes (tramo dun quilómetro en que se producen 10 ou máis accidentes nos últimos 5 anos, cumprindo ademais certas condicións en función do tráfico) en 2016 acumulaban o 17,8 % dos accidentes cando supoñían só o 1,61 % de lonxitude da rede.

A Estratexia para a eliminación dos treitos de concentración de accidentes impulsada pola Xunta vese complementada con outras actuacións que tamén inciden na mellora da seguridade das estradas, como os 170 quilómetros de sendas peonís e ciclistas executadas no período 2016-2020 co Plan de sendas de Galicia, o Plan de reforzos de firme, para manter en boas condicións as estradas autonómicas, ou a execución e o impulso de novas vías de alta capacidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INFORMA SOBRE O PLAN DE INSPECCIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO 2022, QUE INCREMENTARÁ NUN 10 % A SÚA ACTIVIDADE ATA ALCANZAR AS 1.574 VISITAS

- En materia de familia e menores realizaranse 540, na área de maiores e dependencia, 611, e na área de inclusión, 423
- Durante o ano 2021 fixéronse 1.425, polo que para o presente exercicio se incrementan un 10 % as inspeccións

O Consello da Xunta de Galicia informou do Plan de inspección dos servizos sociais para o ano 2022, que ten como obxectivo seguir mellorando a prestación destes servizos e chegar ás 1.574 comprobacións do cumprimento da normativa, un 10 % máis ca durante o presente exercicio.

En materia de familia e menores realizaranse 540 inspeccións para revisar o 100 % dos centros de menores e o 52 % dos centros de atención á infancia, e tamén se acudirá ao 100 % das entidades que xestionan adopcións internacionais e dos puntos de encontro familiar.

Na área de maiores, discapacidade e dependencia faranse 611 visitas para supervisar o 80 % das residencias de maiores —10 puntos máis ca no último ano—, o 38 % dos centros de día de maiores e das residencias de discapacidade e o 52 % dos centros de día de discapacidade. Por último, na área de inclusión e servizos comunitarios, prevense facer 423 visitas dos equipos da Xunta.

Balance 2021

Así mesmo, o Consello da Xunta fixo balance sobre o cumprimento do plan do ano pasado. Durante o 2021 realizáronse 1.425 inspeccións nos centros de servizos sociais. Merecen mención especial as 350 que se levaron a cabo na área de maiores ou as 300 en centros de atención á infancia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA CONVOCARÁ NESTE 2022 MÁIS DE 6 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS PARA A ELABORACIÓN DE INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN OU XESTIÓN FORESTAIS

- O Consello da Xunta de Galicia coñeceu esta nova orde de achegas cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), que sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* proximamente
- A convocatoria busca facilitarlles aos propietarios que dispoñan dunha ferramenta técnica coa que organizar os seus recursos forestais e que garanta unha xestión sustentable do monte
- Enmárcase no contexto de transición verde que establece o Pacto Verde e a nova Estratexia forestal europea, así como no cumprimento do Plan forestal de Galicia 2021-2040

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a nova orde de axudas que convocará neste 2022 a Consellería do Medio Rural para apoiar a elaboración de instrumentos de ordenación ou xestión forestais. Cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, a nova convocatoria -que sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* proximamente- contará cun orzamento de 6.010.000 euros para este ano e o vindeiro.

A finalidade desta liña de achegas é facilitarlles aos propietarios que dispoñan dunha ferramenta técnica coa que organizar os seus recursos forestais e que garanta unha xestión sustentable do monte. Así, estes fondos permitirán subvencionar a redacción dos instrumentos de ordenación tales como proxectos de ordenación, documentos simples de xestión, documentos compartidos de xestión e as comunicacións de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou outros modelos de xestión forestal, como os sistemas silvopastoris.

Cabe destacar que as comunicacións de adhesión a modelos silvícolas ou de xestión forestal son imprescindibles para a realización de aproveitamentos forestais naqueles montes de menos de 15 hectáreas, mentres para o resto de montes o serán a partir do 31 de decembro de 2028. Polo tanto, existe unha necesidade de impulsar de xeito decidido este tipo de ferramentas que se adaptan ao tamaño destas propiedades e á súa intensidade de uso.

Asemade, e co fin de fomentar a certificación forestal, todos os instrumentos obxecto de axuda ao abeiro desta orde terán que presentarse entre os meses de abril e xuño de 2022. Feita a súa presentación, disporán do prazo dun ano para certificarse mediante,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cando menos, un sistema internacionalmente recoñecido (ou dous anos, no caso de ser necesaria a avaliación de impacto ambiental).

Beneficiarias

Poderán beneficiarse destas achegas as entidades locais e as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda. Entenderase por titulares tanto propietarios como arrendatarios ou xestores dos montes ou terreos forestais e/ou dos seus aproveitamentos, que actúen mediante arrendamentos ou contratos plurianuais coa propiedade cuxo obxecto sexa inequivocamente a xestión do monte ou terreo forestal e/ou dos seus aproveitamentos.

En concreto, poderán ser beneficiarias as sociedades de fomento forestal, os propietarios particulares de forma individual, as asociacións e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, as cooperativas agrarias, os pro indivisos, os montes de varas, abertais, de voces e fabeo, as comunidades de bens, outras persoas xurídicas, as entidades locais e as comunidades de montes veciñais en man común que cumpran o establecido.

Cumprimento do Plan forestal de Galicia

Con estas axudas tramitadas desde a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal cúmprese o disposto na Lei de montes de Galicia, que establece que os terreos forestais deberán dispor dun instrumento de ordenación ou xestión forestal. Desta forma, impúlsase o desenvolvemento da potencialidade multifuncional dos montes nos seus valores económicos, sociais e ambientais.

Ao tempo, cúmprense os obxectivos fixados no Plan forestal de Galicia 2021-2040 Cara á neutralidade carbónica, que pretende ter, ao remate do seu período de vixencia, unhas 850.000 hectáreas de monte baixo con instrumentos de ordenación ou xestión forestal e de 650.000 hectáreas baixo sistemas de certificación forestal.

Ademais, cabe sinalar que estes instrumentos de ordenación promoven os servizos ecosistémicos, tales como o secuestro de carbono, a protección dos solos, da auga, o mantemento da biodiversidade ou a preservación da calidade paisaxística. Asemade, afondan na posta en valor e multifuncionalidade de todos os recursos forestais que provén os montes, como a madeira, a biomasa, a resina, os cogomelos, os pasteiros ou a cortiza, así como a creación das infraestruturas verdes e a execución das actuacións necesarias para a prevención contra os incendios forestais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS EMPRESAS GALEGAS DE TRANSFORMACIÓN E DE CULTIVO DE PRODUTOS DO MAR RECIBEN PRETO DE 10 M€ EN AXUDAS PARA PALIAR AS PERDAS DE INGRESOS EN 2020 POLA COVID-19

- A Xunta de Galicia apoia así as firmas destes dous sectores que entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro do primeiro ano da pandemia rexistraron perdas de polo menos un 20 % en relación coa media de facturación nos tres anos anteriores
- Estas achegas adiáronse ata 2021 para agardar a coñecer con exactitude o impacto da crise nas contas do exercicio 2020 e pretenden contribuír a que as empresas do sector poidan facer investimentos, recuperen actividade e volvan aos niveis previos á alerta sanitaria, o que redundará en beneficio do conxunto da economía de Galicia
- Estes apoios extraordinarios forman parte do plan Avantemar deseñado pola Xunta para impulsar o sector marítimo-pesqueiro tras a pandemia e súmanse ás achegas que a Consellería do Mar convoca anualmente para investimentos nestes dous sectores, que este ano suman máis de 30 millóns de euros de orzamento

As empresas de transformación e cultivo de produtos do mar de Galicia recibirán preto de 10 millóns de euros en axudas para compensar a caída de ingresos entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro de 2020, como consecuencia da alerta sanitaria pola covid-19. É a contía das achegas aprobadas nas resolucións das convocatorias de apoios realizadas pola Consellería do Mar durante o ano pasado para apoiar as empresas destes dous sectores e recollidas nun informe que analizou hoxe o Consello da Xunta de Galicia.

A primeira das ordes, destinada ás empresas de transformación de produtos do mar e da acuicultura, resolveuse coa aprobación de 24 axudas por importe de preto de 6,2 millóns de euros. Mentres, no caso das empresas de cultivo de produtos do mar, aprobáronse 325 expedientes de achegas por importe de 3,5 millóns de euros que beneficiaron a un total de 450 establecementos de acuicultura.

Con estes apoios, cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), a Xunta subvenciona ata o 50 % das perdas de facturación rexistradas sempre e cando estas fosen de polo menos un 20 % en relación cos ingresos medios para o mesmo período nos tres anos anteriores -2017, 2018 e 2019-. No caso de empresas con menos de tres anos de actividade, deberon estar operativas durante polo menos o ano natural 2019 completo e o cálculo realizouse tendo en conta os datos dos anos correspondentes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas achegas pretenden contribuír a que as empresas do sector poidan facer investimentos, recuperen actividade e volvan aos niveis previos á pandemia, o que redundará en beneficio do conxunto da economía de Galicia.

Plan Avantemar

Estes apoios forman parte do plan Avantemar deseñado pola Xunta para impulsar o sector marítimo-pesqueiro após a pandemia e que supón unha inxección de 77 millóns de euros en 2020 e arredor de 13 millóns neste ano no complexo mar-industria.

As convocatorias destas compensacións aos sectores da transformación e cultivo dos produtos do mar deriváronse no tempo co obxectivo de atender tanto os danos causados pola pandemia como os provocados pola saturación dos mercados. De aí que fose preciso agardar a coñecer con exactitude o impacto da crise nas contas do exercicio 2020.

Dentro do plan Avantemar tamén se xestionaron axudas a outros sectores profesionais como a frota activa e inactiva durante a covid-19, a frota de palangre de superficie, os profesionais do marisqueo que pararon temporalmente a súa actividade durante a pandemia, as organizacións de produtores, as confrarías e entidades xestoras de lonxas e as redeiras.

Os apoios extraordinarios para compensar as perdas de ingresos nas empresas de transformación e cultivo de produtos do mar no ano 2020 como consecuencia da pandemia súmanse ás achegas que a Consellería do Mar convoca anualmente para investimentos nestes dous sectores.

En concreto, a Xunta destina 19 millóns de euros á convocatoria deste ano de axudas para investimentos en pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos do mar e máis de 11 millóns de euros á de investimentos no eido da acuicultura.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA REALIZOU 57 OBRAS DE DRAGAXE DESDE O ANO 2000 E ESTUDA PRETO DOUTRAS 40 CO OBXECTIVO DE MELLORAR A OPERATIVIDADE DOS PEIRAOS AUTONÓMICOS

- Máis da metade das áreas extraídas nestas actuacións foron empregadas para outras tarefas como obras portuarias ou a rexeneración de praias e bancos marisqueiros
- A tramitación destes traballos é complexa pois inclúe numerosos procedementos que afectan arredor dunha vintena de organismos dependentes das administracións estatal, autonómica e local
- Portos de Galicia asinou en 2021 un contrato de servizo para a redacción dos estudos ambientais e dos proxectos dunha trintena de dragaxes nos peiraos autonómicos co obxectivo de axilizar a planificación técnica e ambiental destas actuacións
- A finalidade última destas obras é mellorar a operatividade dos portos impulsando a súa actividade e a economía do conxunto de Galicia

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, executou desde o ano 2000 un total de 57 obras de dragaxe e estuda preto doutras 40 co obxectivo de mellorar a operatividade dos peiraos autonómicos. Así o recolle un informe analizado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia que dá conta da complexidade da planificación, tramitación e execución deste tipo de actuacións, que supoñen un dos eixos estruturais de traballo do organismo portuario autonómico.

Estas obras para extraer area e outros materiais dos fondos mariños teñen como finalidade que os portos ganen calado. Desde o ano 2000, tras a entrada en vigor da prohibición de explotación mercantil da area das dragaxes, Portos de Galicia asumiu todas as tarefas de planificación, tramitación e execución destas actuacións e realizou esas 57 dragaxes entre 2001 e 2021. O volume de area extraída coa execución deses proxectos ascende a 1,3 millóns de metros cúbicos, o que equivale a case 200 campos de fútbol cun espesor medio de dragaxe dun metro.

Na maioría dos casos trátase de dragaxes de pequena entidade xa que, salvo as efectuadas en portos como os de Ribadeo, Burela ou Brens (Cee) -que superan os 100.000 metros cúbicos extraídos-, adoitan estar comprendidas entre os 3.000 e os 25.000 metros cúbicos cada unha. En canto ao destino desas áreas, máis do 54 % foron empregados para outras tarefas -uso en obras portuarias e rexeneración de praias ou bancos marisqueiros-, mentres que o 46 % restante foi depositado nos puntos autorizados con ese obxecto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O informe tamén recolle que na actualidade Portos de Galicia ten en execución dúas dragaxes, as de Laxe e Carril, mentres que outros 38 portos precisan actuacións deste tipo. No caso dos de Ribadeo e Cariño xa se está coa tramitación ambiental mentres que se traballa na planificación previa nos casos da Pobra, Aguiño, Agüete, Arcade, Ares, Barallobre, Burela, Camelle, Cesantes, Combarro, Camariñas, Cabo de Cruz, Cedeira, Corcubión, Escarabote, Espasante, Fisterra, Foz, Lorbé, Malpica, Miño, Moaña, Ortigueira, Pedras Negras, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Meloxo, O Barqueiro, Palmeira, Portosín, Rianxo, Sada, Santo Tomé, Testal e Tragove.

Ademais, o documento subliña que hai 16 portos autonómicos que teñen necesidades periódicas de dragaxe, cunha frecuencia de arredor de 10 anos. Son Ribadeo, Foz, Burela, Ortigueira, O Barqueiro, Ares, Miño, Laxe, Muxía, Testal, Rianxo, Bueu, Cesantes, A Pasaxe, Espasante e Cariño.

Tempos de tramitación

O informe avaliado polo Consello da Xunta recolle tamén os tempos de tramitación medios das obras de dragaxe, que pode prolongarse máis de dous anos cando non é necesaria a avaliación de impacto ambiental. Nos casos en que é requirida unha avaliación de impacto ambiental ordinaria, coa correspondente declaración (DIA) os trámites poden alongarse máis aló dos tres anos.

O prazo de execución dos traballos de dragaxe, pola súa banda, van moi ligados ao tipo de material que se draga e á localización dos puntos de depósito ou aproveitamento, así como á distancia e ás condicións de navegabilidade durante a realización dos traballos. De feito, en ocasións, a propia DIA exige ou establece a realización das obras nunha determinada época para reducir a afectación á contorna tendo en conta aspectos como os tempos de reprodución ou anión de especies.

No proceso de tramitación das dragaxes interveñen arredor dunha vintena de organismos dependentes das administracións estatal, autonómica e local, o que alonga os prazos. Precisamente, co obxectivo de dar resposta con celeridade aos peiraos que precisan dalgunha dragaxe e de axilizar a planificación técnica e ambiental destas obras, Portos de Galicia asinou en 2021, por importe de 2,2 millóns de euros, un contrato de servizo para a redacción dos estudos ambientais, dos proxectos e da documentación complementaria necesaria para a tramitación administrativa dos proxectos de dragaxe de máis dunha trintena de peiraos autonómicos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este contrato contribuirá a axilizar a tramitación destas actuacións, que implican procedementos complexos e contribúen a mellorar a operatividade dos portos impulsando a súa actividade e a economía do conxunto de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

